

*DON JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO SECRETARIO DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)*

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local de 7 de agosto de 2017 en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS

C) PERSOAL. APROBACION DAS BASES PROGRAMA DEPUEMPREGO (OFICIAL ELECTRICISTA, OFICIAL XARDÍNS, AUXILIAR ADMINISTRATIVO E TRABALLADOR SOCIAL).

Mediante providencia da Concelleira de Facenda e Réxime Interno deste Concello de data de 4 de agosto de 2017 ordenouse o inicio do expediente para a provisión de persoal laboral, polo procedemento de concurso - oposición, DUN OFICIAL ELECTRICISTA, UN OFICIAL PARA PARQUES E XARDINS, UN TRABALLADOR SOCIAL E UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO, no marco do programa Depuemprego da excelentísima Deputación de Lugo.

Constan no expediente informes dos servizos técnicos municipais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos ás que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local (RD 896/1991).
- Lei 7/2004, do 17 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local).
- Circular de 27 de marzo de 1987 emitida pola Secretaria de Estado para a Administración Pública.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as BASES dos distintos PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN , co seguinte detalle:

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO URXENTE PARA A SELECCIÓN COMA PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN OFICIAL ELECTRICISTA O 80 % DA XORNADA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DURANTE 10 MESES NO MARCO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

ARTIGO 1.—OBJECTO DA CONVOCATORIA

E obxeto desta convocatoria a selección urxente dun OFICIAL ELECTRICISTA O 80 % DA XORNADA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DURANTE 10 MESES, en todo caso a contratación nunca se entenderá mais aló do 31 de outubro de 2018. O seleccionado prestará servizo ó 80 % da xornada laboral dos empregados públicos nos departamentos de alumado así mo en calquera outro que por razóns puntuais o precise, dende a data que se fixe por resolución por un período de 10 meses, nunca mais aló do 31 de outubro de 2018.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no programa “Depuemprego” do Plan Provincial Unico de de Cooperación cos Municipios da Excelentísima Deputación de Lugo, e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das

mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como a orde xa citada.

ARTIGO 2.—RETRIBUCIÓN

As retribucións serán as seguintes:

10 MESES/6 HORAS

80% XORNADA

OFICIAL ELECTRICISTA

SOLDO 4.842,00

P. EXTRA 799,64

COMPLEMENTARIAS 7.951,97

TOTAL 13.593,61

SEG. SOCIAL 5.138,38

TOTAL 18.731,99

INDEM FIN CONTRAT 453,12

ARTIGO 3.REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN ACREDITAR OS ASPIRANTES A SER INCLUÍDOS NA LISTA DE RESERVA

Os aspirantes a ser incluídos na respectiva lista de reserva, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades

Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houbera separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

g) Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 15'73 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

h) Estar en posesión do título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao, ciclo formativo de grao medio ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.

i) Contar co permiso de conducir B1.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nulo o nomeamento como funcionario interino dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

ARTIGO 4.PROCESO DE SELECCIÓN

4.1.FASE DE CONCURSO. Baremo de méritos alegados: os aspirantes deberán presentar ben orixinais ou ben copias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados, valorarase a experiencia profesional e a pertenza a grupos con dificultade para a inserción laboral segundo se establece no seguinte baremo:

A) Experiencia profesional:

- 0,25 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo dunha Administración local.

- 0,15 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo de calquera outra Administración territorial ou institucional. A mesma porcentaxe utilizarase cando a prestación de servizos se realizase en sociedades públicas ou

fundacións de capital maioritariamente público, xa dependan da Administración central, xa da autonómica ou local. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.

- 0,12 puntos por cada mes traballado en postos iguais ou similares na empresa privada.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións iguais ou similares ás da praza convocada.

A puntuación máxima por experiencia profesional non poderá superar os dos (2) puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes acreditaranse do seguinte xeito:

-Os servizos prestados nas Administracións Públicas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación laboral e ou funcional do/a aspirante.

-Os servizos prestados en empresas privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do/a aspirante.

En todo caso dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

B) Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral:

Puntuarase con 0,2 puntos a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias, ser vítima de violencia de xénero, ser muller, ser maior de 45 anos, sen parado de longa duración ou contar unha minusvalía recoñecida igual ou superior o 33 %.

Os méritos referidos a este apartado acreditaranse do seguinte xeito:

Os referidos ó sexo e idade coa presentación de copia compulsada do documentos nacional de identidade ou aquel que o sustitua en caso de cidadáns estranxeiros, en todo caso deberán aportar algún documento que permita acreditar o seu sexo e idade.

O recoñecemento dunha minusvalía/ discapacidade igual ou superior o 33 % co certificado de recoñecemento do grao de minusvalía/ discapacidade emitido pola autoridade competente.

A condición de parado de longa duración acreditarase cun certificado do servizo público de emprego de que o aspirantes se atopou de xeito ininterrompido en situación de demandante de emprego nos últimos 12 meses

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase presentando:

- Certificación da Orde de Protección ou da medida cautelar, testemuña ou copia autenticada polo/a Secretario/a Xudicial da propia Orde de Protección ou medida cautelar.
- Sentenza condenatoria.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, Auto de apertura de Xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditos indicios.
- Informe dos Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

Neste apartado non se poderá acadar unha puntuación superior a un punto.

C) Formación específica.

Pola posesión do título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas o equivalente ou superior outorgarase 0'5 puntos.

Este mérito acreditarase con copia compulsada do título ou certificación do mesmo.

Neste apartado non se poderá obter unha puntuación superior a 0'5 puntos

C) Formación en prevención de riscos laborais.

A formación en prevención de riscos laborais valorarase do seguinte xeito:

- .- Curso de prevención risco laborais Básico0'3 puntos.
- .- Curso para operar en maquinaria elevadora 0'2 puntos.

Neste apartado non se poderá obter unha puntuación superior a 0'5 puntos

Este mérito acreditarase con copia compulsada do título ou certificación do mesmo

O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA OS REQUISITOS CITADOS NAS PRESENTES BASES.

Os méritos valoraranse con referencia ó día anterior ó do inicio do prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas. Non se terán en conta polo tanto méritos mais aló da indicada data.

4.2.FASE DE OPOSICIÓN.

A) Consistirá nun único exercicio de carácter teórico e/uo práctico sobre as materias do temario adxunto que se desenvolverá no tempo máximo que ao efecto determine o tribunal.

Nesta proba que se calificará cun máximo de 6 puntos será necesario obter un mínimo de 3 puntos para superala e valorarase a competencia técnico-práctica dos aspirantes en relación ás materias do temario

TEMARIO.

TEMA 1.Electricidade. Corrente continúa e alterna (trifásica e monofásica). Magnitudes eléctricas fundamentais. Relacións entre elas e caída de tensión.

TEMA 2.Redes aéreas e subterráneas para a distribución de baixa tensión.

TEMA 3.Instalacións de iluminación exterior. Alumeado público.

TEMA 4.Redes de distribución eléctrica. Acometidas. Instalacións de enlace: caixas de protección e medida, liña xeral de alimentación, derivacións individuais, contadores e dispositivos de mando e protección.

TEMA 5.Proteccións das instalacións: contra sobreintensidades, contra sobretensións, contra contactos directos e indirectos. Instalacións de posta a terra.

TEMA 6.Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior: Eficiencia enerxética e compoñentes das instalacións.

TEMA 7.Disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico

5.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final no proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final establécense os seguintes criterios de desempate:

1º.- Terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de oposición.

2º.- De persistir o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de concurso.

3º.- De persistir o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación no apartado da fase de concurso onde se valora a formación específica.

4º.- De persistir o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación no apartado da fase de concurso onde se valora a formación en prevención de riscos laborais.

5º.- Se aínda así persistise o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de concurso onde se valora a pertenza a colectivos con dificultade de inserción laboral.

6º.- Se aínda así persistise o empate este resolverase por sorteo público.

ARTIGO 6.SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, e copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados. Os méritos non xustificadas na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición non serán tidos en conta.

Aqueles aspirantes que estén aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial da minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración Estatal ou Autonómica.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo por fax, ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

ARTIGO 7.ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

Rematado o prazo de 10 días naturais o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusións. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A resolución establecerá, a efectos de subsanación de defectos ou omisións, e mesmo de reclamacións, un prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación sinalada. Os erros de feito poderán enmendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

Posteriormente, mediante resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos e convocarase ao/a/s aspirante/s admitido/a/s para a realización das probas da fase de oposición mediante a publicación do devandito decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

ARTIGO 8.CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DE OPOSICIÓN

A data, lugar e hora de celebración da proba que conforma a fase de oposición serán publicadas, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e na web municipal.

Dada a urxencia na cobertura da praza a convocatoria e as diversas probas poden non respectar os prazos mínimo de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración s publicarase na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos das probas os que non comparezan. Deberán acreditar suficientemente a súa identidade mediante a exhibición do DNI, permiso de conducir, pasaporte o documento equivalente en caso de estranxeiros, exhibición que poderá serlle requirida por calquera membro do tribunal no curso do desenvolvemento dos exercicios.

Concluído o exercicio da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, a relación de aspirantes que o superaron con indicación da puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

ARTIGO 9.COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

O tribunal constituirase por resolución da alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios e na web municipal.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará compostos por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

9.2 Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

9.3 Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

ARTIGO 10.RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO

Concluído o proceso selectivo o Tribunal elevará a Alcaldía a proposta de contratación dos dous aspirantes que tendo superado a fase de oposición contén coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición .

Os restantes aspirantes pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais aló do 31 de outubro de 2018.

ARTIGO 11.PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA ACCEDER A PRAZA

Cando se tramite o expediente de nomeamento do aspirante, antes do seu nomeamento e toma de posesión e no prazo dos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se lle requira, presentará no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos os documentos que se especifican seguidamente:

- 1.Copia autenticada ou fotocopia do título esixido, ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- 2.Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
3. Fotocopia da cartilla da S.S.
4. Nº de conta bancaria cos 20 díxitos.
- 5.Certificado médico sen prexuízo de posterior recoñecemento.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 3 días hábiles para a súa aportación ou subsanación. En ningún caso este prazo suporá ampliación do procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Quen tivera a condición de funcionario público de carreira ou persoal laboral fixo quedará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter

o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da Administración ou Ente Público do que dependan, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizo.

ARTIGO 12.RECURSOS PROCEDENTES

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común , así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

O Tribunal Cualificador queda facultada para a resolución de cantas incidencias e cuestións se susciten no desenvolvemento do proceso selectivo.

ARTIGO 13.PUBLICACIÓNS NO TABOLEIRO

Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras, se procederá mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos e na web municipal.

ANEXO .- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO

	NA	DATA
.....		
.....		
.....		

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....
.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EMAIL DE CONTACTO:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión do título académico de esixido nas bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.
- f) Ter aboado a taxa por dereitos de exame correspondentes según as bases da convocatoria.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO URXENTE PARA A SELECCIÓN COMA PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN OFICIAL PARA O SERVIZO DE PARQUES E XARDINS DURANTE 6 MESES NO MARCO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

ARTIGO 1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

E obxeto desta convocatoria a selección urxente dun OFICIAL PARA O SERVIZO DE PARQUES E XARDINS DURANTE 6 MESES, en todo caso a contratación nunca se entenderá mais aló do 31 de outubro de 2018. O seleccionado prestará servizo no departamento de parques e xardíns así como en calquera outro que por razóns puntuais o precise, dende a data que se fixe por resolución por un período de 6 meses, nunca mais alo do 31 de outubro de 2018.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no programa “Depuemprego” do Plan Provincial Unico de Cooperación cos Municipios da Excelentísima Deputación de Lugo, e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como a orde xa citada.

ARTIGO 2.RETRIBUCIÓN

As retribucións serán as seguintes:

6 MESES

XORNADA COMPLETA

OFICIAL XARDINS

SOLDO 3.631,50

P. EXTRA 599,73

COMPLEMENTARIAS 5.963,98

TOTAL 10.195,21

SEG. SOCIAL 3.853,79

TOTAL 14.048,99

INDEM FIN CONTRAT 339,84

ARTIGO 3.REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN ACREDITAR OS ASPIRANTES

Os aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houberse separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

g) Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 15´73 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por

causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

h) Estar en posesión do título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao, ciclo formativo de grao medio ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nulo o nomeamento como funcionario interino dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

i) Contar co permiso de conducir B1.

j) Contar co carné de manipulador de produtos fitosanitarios.

ARTIGO 4.PROCESO DE SELECCIÓN

4.1.FASE DE CONCURSO. Baremo de méritos alegados: os aspirantes deberán presentar ben orixinais ou ben copias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados, valorarase a experiencia profesional e a pertenza a grupos con dificultade para a inserción laboral segundo se establece no seguinte baremo:

A) Experiencia profesional:

- 0,25 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo dunha Administración local.

- 0,15 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo de calquera outra Administración territorial ou institucional. A mesma porcentaxe utilizarase cando a prestación de servizos se realizase en sociedades públicas ou fundacións de capital maioritariamente público, xa dependan da Administración central, xa da autonómica ou local. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.

- 0,12 puntos por cada mes traballado en postos iguais ou similares na empresa privada.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións iguais ou similares ás da praza convocada.

A puntuación máxima por experiencia profesional non poderá superar os tres (2) puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes acreditaranse do seguinte xeito:

-Os servizos prestados nas Administracións Públicas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación laboral e ou funcional do/a aspirante.

-Os servizos prestados en empresas privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do/a aspirante.

En todo caso dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

B) Formación específica.

Pola posesión do título de técnico en xardinaría, equivalente ou superior outorgarase 0'5 puntos.

Este mérito acreditarase con copia compulsada do título ou certificación do mesmo.

Neste apartado non se poderá obter unha puntuación superior a 0'5 puntos

C) Formación en prevención de riscos laborais.

A formación en prevención de riscos laborais valorarase do seguinte xeito:

.- Curso Prevención riscos laborais Básico0'3 puntos.

.- Curso para operar en maquinaria elevadora 0'2 puntos.

Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral:

Puntuarase con 0'2 puntos a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias, ser vítima de violencia de xénero, ser muller, ser maior de 45 anos, sen parado de longa duración ou contar unha minusvalía recoñecida igual ou superior o 33 %.

Os méritos referidos a este apartado acreditaranse do seguinte xeito:

Os referidos ó sexo e idade coa presentación de copia compulsada do documentos nacional de identidade ou aquel que o sustitua en caso de cidadáns estranxeiros, en todo caso deberán aportar algún documento que permita acreditar o seu sexo e idade.

O recoñecemento dunha minusvalía/ discapacidade igual ou superior o 33 % co certificado de recoñecemento do grao de minusvalía/ discapacidade emitido pola autoridade competente.

A condición de parado de longa duración acreditarase cun certificado do servizo publico de emprego de que o aspirantes se atopou de xeito ininterrompido en situación de demandante de emprego nos últimos 12 meses

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase presentando:

- Certificación da Orde de Protección ou da medida cautelar, testemuña ou copia autenticada polo/a Secretario/a Xudicial da propia Orde de Protección ou medida cautelar.
- Sentenza condenatoria.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, Auto de apertura de Xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditos indicios.
- Informe dos Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

Neste apartado non se poderá acadar unha puntuación superior a un punto.

O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA OS REQUISITOS CITADOS NAS PRESENTES BASES.

Os méritos valoraranse con referencia ó día anterior ó do inicio do prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas. Non se terán en conta polo tanto méritos mais aló da indicada data.

4.2.FASE DE OPOSICIÓN.

A) Consistirá nun único exercicio de carácter teórico e ou práctico sobre as materias do temario adxunto que se desenvolverá no tempo máximo que ao efecto determine o tribunal.

Nesta proba que se cualificará cun máximo de 6 puntos será necesario obter un mínimo de 3 puntos para superala e valorarase a competencia técnico-práctica dos aspirantes en relación ás materias do temario

TEMARIO.

1. Coidados esenciais e mantemento dos parques e xardíns municipais.
2. Plantacións, podas.... Manexo de maquinaria e vehículos para ditas labores.
3. Mantemento e manexo de maquinaria de xardinería.
4. Mantemento e manexo de sistemas de rego en xardíns.
5. Estudio das plantas. Partes e funcións. Clases.
6. Abonos e fertilizantes. Tipos de abonos e forma de presentación. Épocas de aboado.
7. O Chan e as terras de cultivo. Preparación de terras.

5.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final no proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final establécense os seguintes criterios de desempate:

1º.- Terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de oposición.

2º.- De persistir o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de concurso.

3º.- De persistir o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación no apartado da fase de concurso onde se valora a formación específica.

4º.- De persistir o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación no apartado da fase de concurso onde se valora a formación en prevención de riscos laborais.

5º.- Se aínda así persistise o empate terá preferencia a aquel aspirante que acadase unha maior puntuación na fase de concurso onde se valora a pertenza a colectivos con dificultade de inserción laboral.

6º.- Se aínda así persistise o empate este resolverase por sorteo público.

ARTIGO 6.—SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A

instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, e copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados. Os méritos non xustificadas na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición non serán tidos en conta.

Aqueles aspirantes que estén aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial da minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración Estatal ou Autonómica.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo por fax, ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

ARTIGO 7.-ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

Rematado o prazo de 10 días naturais o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusións. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A resolución establecerá, a efectos de subsanación de defectos ou omisións, e mesmo de reclamacións, un prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación sinalada. Os erros de feito poderán enmendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

Posteriormente, mediante resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos e convocarase ao/a/s aspirante/s admitido/a/s para a realización das probas da fase de oposición mediante a publicación do devandito decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

ARTIGO 8.CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DE OPOSICIÓN

A data, lugar e hora de celebración da proba que conforma a fase de oposición serán publicadas, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e na web municipal.

Dada a urxencia na cobertura da praza a convocatoria e as diversas probas poden non respetar os prazos mínimo de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración s publicaranse na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos das probas os que non comparezan. Deberán acreditar suficientemente a súa identidade mediante a exhibición do DNI, permiso de conducir, pasaporte o documento equivalente en caso de estranxeiros, exhibición que poderá serlle requirida por calquera membro do tribunal no curso do desenvolvemento dos exercicios.

Concluído o exercicio da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, a relación de aspirantes que o superaron con indicación da puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

ARTIGO 9.COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

O tribunal constituirase por resolución da alcaldía que se publicará no taboleiro de anuncios e na web municipal.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará compostos por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

9.2 Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar

ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

9.3 Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

ARTIGO 10.RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO

Concluído o proceso selectivo o Tribunal elevará a Alcaldía a proposta de contratación dos dous aspirantes que tendo superado a fase de oposición contén coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición .

Os restantes aspirantes pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais aló do 31 de outubro de 2018.

ARTIGO 11.PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA ACCEDER A PRAZA

Cando se tramite o expediente de nomeamento do aspirante, antes do seu nomeamento e toma de posesión e no prazo dos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se lle requira, presentará no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos os documentos que se especifican seguidamente:

1. Copia autenticada ou fotocopia do título esixido , ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
2. Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
3. Fotocopia da cartilla da S.S.
4. Nº de conta bancaria cos 20 díxitos.
5. Certificado médico sen prexuízo de posterior recoñecemento.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 3 días hábiles para a súa aportación ou subsanación. En ningún caso este prazo suporá ampliación do procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Quen tivera a condición de funcionario público de carreira ou persoal laboral fixo quedará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da Administración ou Ente Público do que dependan, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizo.

ARTIGO 12. RECURSOS PROCEDENTES

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común , así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

O Tribunal Cualificador queda facultada para a resolución de cantas incidencias e cuestións se susciten no desenvolvemento do proceso selectivo.

ARTIGO 13. PUBLICACIÓNS NO TABOLEIRO

Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras, se procederá mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos e na web municipal.

ANEXO .- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA
CONVOCATORIA PUBLICADA NO

..... NA DATA
.....
.....

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....
.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EMAIL DE CONTACTO:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.

c) Estar en posesión do título académico de
esixido nas bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que
termine o prazo de presentación de instancias.

d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.

e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

f) Ter aboado a taxa por dereitos de exame correspondentes según as bases da convocatoria.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN URXENTE DUN TRABALLADOR/A SOCIAL, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERIODO DE 10 MESES E A XORNADA PARCIAL (4 horas día)NO MARCO DO PROGAMA DEPUEMPREGO FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

E obxeto desta convocatoria a selección urxente dun TRABALLADOR/A SOCIAL (Grupo A subgrupo A2) como persoal laboral temporal vinculado o programa “Depuemprego” do Plan Provincial Único de Cooperación cos Municipios da Excelentísima Deputación de Lugo, cunha duración máxima de 10 meses dende a data na que a alcaldía resolva a contratación. En todo caso a contratación nunca se entenderá mais aló do 31 de outubro de 2018, o seleccionado/a prestará servizos durante 10 meses a xornada parcial, (4 horas día) realizando tarefas de traballador/a social nos servizos sociais municipais.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no programa “Depuemprego” do Plan Provincial Unico de de Cooperación cos Municipios da Excelentísima Deputación de Lugo e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como a orde xa citada.

2.-RETRIBUCIÓN

As retribucións serán as seguintes:

10 MESES/4 HORAS

53,33% XORNADA

TRABALLADORA SOCIAL

SOLDO 5.165,38

P. EXTRA 627,85

COMPLEMENTARIAS 6.391,31

TOTAL 12.184,54

SEG. SOCIAL 3.990,44

TOTAL 16.174,98

INDEM FIN CONTRAT 406,15

3.-REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN ACREDITAR OS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROCEDUREMTO SELECTIVO

Os aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de TRABALLADOR SOCIAL ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houbera separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

g) Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 25'16 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nulo o nomeamento como funcionario interino dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

4.-SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa

dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, xustificante do pago da taxa esixida e copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados. Os méritos non xustificados na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición non serán tidos en conta.

Aqueles aspirantes que estén aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial da minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración Estatal ou Autonómica.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo por fax, ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

5.-ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

Rematado o prazo de 10 días naturais o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusións. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A resolución establecerá, a efectos de subsanación de defectos ou omisións, e mesmo de reclamacións, un prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación sinalada. Os erros de feito poderán enmendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

Posteriormente, mediante resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos e convocarase ao/a/s aspirante/s admitido/a/s para a realización das probas da fase de oposición mediante a publicación do devandito decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

6.-CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DE OPOSICIÓN

A data, lugar e hora de celebración da primeira proba que conforma a fase de oposición serán publicadas, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos.

Dada a urxencia na cobertura da praza a convocatoria e as diversas probas poden non respectar os prazos mínimo de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración s publicaranse na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos das probas os que non comparezan. Deberán acreditar suficientemente a súa identidade mediante a exhibición do DNI, permiso de conducir, pasaporte o documento equivalente en caso de estranxeiros, exhibición que poderá serlle requirida por calquera membro do tribunal no curso do desenvolvemento dos exercicios.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, a relación de aspirantes que o superaron con indicación da puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

7.-TRIBUNAL CALIFICADOR.

O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución da alcaldía e a súa composición publicárase a páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respetarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

8.- PROCESO SELECTIVO.

CONCURSO-OPOSICIÓN:.

CONCURSO:

A)Experiencia Profesional:

- Por cada ano completo desempeñado como Traballador/a Social nos Servizos Sociais Comunitarios municipais: 1 punto, prorrateándose a puntuación en caso de períodos inferiores.

- Por cada ano completo desempeñado como Traballador Social noutra Administración Pública : 0,50 puntos, prorrateándose a puntuación en caso de períodos inferiores. .

- Por cada ano desempeñado como Traballador Social fóra da administración Pública: 0,25 puntos, prorrateándose a puntuación en caso de períodos inferiores..

Non se poderá acadar nesta parte da Fase do Concurso máis de tres puntos.

Os méritos alegados polos /polas aspirantes deberán acreditarse para a súa valoración, exactamente, do seguinte xeito (non sendo obxecto de valoración en caso contrario):

-Os Servizos prestados na Administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta as tarefas desempeñadas e modelo oficial vida laboral.

-Os Servizos prestados en empresas privadas, mediante presentación do modelo oficial vida laboral aos que deberán acompañar, inescusablemente os contratos de traballo debidamente rexistrados no SEPE.

-Os servizos prestados mediante contratación administrativa de servizos, con copia do contrato e certificado da Administración pública onde se prestaron e o tempo total de prestación .

-Os servizos prestados como autónomo/a, mediante certificado de alta no IAE e certificado da Administración pública ou representante da empresa privada que poidan acreditar un tempo de servizos para as mesmas.

En todo caso dos referidos documentos deberá desprenderse o traballo que desempeñaba a persoa interesada especificando as funcións e tarefas realizadas.

Os méritos valoraranse con referencia ó día anterior ó do inicio do prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas. Non se terán en conta polo tanto méritos mais aló da indicada data.

B) Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral:

Puntuarase con 0,2 puntos a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias, ser vítima de violencia de xénero, ser muller, ser maior de 45 anos, sen parado de longa duración ou contar unha minusvalía recoñecida igual ou superior o 33 %.

Os méritos referidos a este apartado acreditaranse do seguinte xeito:

Os referidos ó sexo e idade coa presentación de copia compulsada do documentos nacional de identidade ou aquel que o sustitua en caso de cidadáns estranxeiros, en todo caso deberán aportar algún documento que permita acreditar o seu sexo e idade.

O recoñecemento dunha minusvalía/ discapacidade igual ou superior o 33 % co certificado de recoñecemento do grao de minusvalía/ discapacidade emitido pola autoridade competente.

A condición de parado de longa duración acreditarase cun certificado do servizo público de emprego de que o aspirante se atopou de xeito ininterrompido en situación de demandante de emprego nos últimos 12 meses

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase presentando:

- Certificación da Orde de Protección ou da medida cautelar, testemuña ou copia autenticada polo/a Secretario/a Xudicial da propia Orde de Protección ou medida cautelar.
- Sentenza condenatoria.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, Auto de apertura de Xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditos indicios.
- Informe dos Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

Neste apartado non se poderá acadar unha puntuación superior a un punto.

OPOSICIÓN:

A) Primeiro exercicio: obrigatorio e eliminatorio, consistirá na resolución dun cuestionario tipo test de 50 preguntas, durante un tempo máximo dunha hora, relacionado co temario das presentes bases que figura ó final das mesmas, con catro respostas alternativas a cada unha das preguntas das que solo unha será correcta.

O exercicio valorarase cun máximo de tres puntos, para superalo debese obter un mínimo 1,5 puntos para o que se requiren 25 respostas acertadas en que as incorrectas penalicen de ningún modo.

b) Segundo exercicio: obrigatorio e eliminatorio, consistirá no desenvolvemento por escrito dun caso práctico, durante un tempo máximo dunha hora, relacionado co temario específico das presentes bases que figura ó final das mesmas. Este exercicio deberá ser lido ante o tribunal en sesión pública.

Rematada a exposición do aspirante o tribunal poderá formularlle preguntas relacionadas co contido do mesmo.

Neste exercicio valorarase a corrección técnica a claridade na exposición de ideas, a comprensión dos coñecementos e a capacidade de expresión.

c) Proba de galego: A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego – castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba

cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

En caso de empate ó final do Concurso- Oposición estableceranse os seguintes criterios de desempate :

1º A persoa aspirante de maior puntuación no segundo exercicio da Fase de Oposición.

2º A persoa aspirante de maior puntuación no primeiro exercicio da Fase de Oposición.

3º A persoa aspirante de maior puntuación o apartado A) da Fase de Concurso.

4º A persoa aspirante de maior puntuación o apartado B) da Fase de Concurso.

De persistir a igualdade e non resultar aplicable o previsto pola lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes procederase a desempatar mediante sorteo público.

9-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenvolvemento das probas correspondentes estarase o que decida o tribunal por maioría de votos.

10- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento que se publicará na páxina web do Concello de Monforte de Lemos e Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, nun prazo de dous (2) días hábiles , contados a partir do día seguinte ó da oportuna publicación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Tarxeta Sanitaria.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenrolo do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servizo das Administracións Públicas.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo forza maior, non presente a documentación ou da mesma se dependera que non reúne algún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a quedando anuladas tódalas actuacións do proceso selectivo, sen perxucio da responsabilidade en que puidera/n haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

11-RECURSOS ADMINISTRATIVOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO

..... NA DATA

.....

.....

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....

.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO: SEGUNDO APELIDO: NOME:

HOME:

MULLER:

DNI: TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE

NOTIFICACIÓNS: MUNICIPIO E PROVINCIA: CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, do punto catro das Bases.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados.

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

TEMARIO:

PARTE XERAL

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Procedemento de reforma.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Contido. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 3.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 4.- Organización municipal. Órganos e competencias. O Alcalde, O Pleno, a Xunta de Goberno Local e as comisións informativas.

Tema 5.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 6.- O procedemento administrativo. Concepto e natureza. Fases do procedemento administrativo. Os recursos administrativos. Actos susceptibles de recursos.

Tema 7.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contratos menores. Contido e forma de contrato. Procedementos de adxudicación.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 8.- Marco legal dos servizos sociais. A Constitución española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Bases de Réxime Local.

Tema 9.- Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.

Tema 10.- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Tema 11.- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Tema 12.-O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local. Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Monforte de Lemos.

Tema 13.- A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

Tema 14.- Regulación do procedemento para o recoñecemento da dependencia e do dereito ás prestacións do sistema de dependencia e procedemento de elaboración do PIA da Comunidade Autónoma Galega.

Tema 15.- As persoas maiores. Aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do avellentamento. Novos roles da persoa maior na nosa sociedade. Programas, actuacións e recursos no concello de Monforte de Lemos .

Tema 16.- Discapacidade: conceptos básicos. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais. Intervención social con persoas con discapacidade.

Tema 17.- Os sistemas de información nos servizos sociais comunitarios básicos. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social. Protección de datos nos servizos sociais.

Tema 18.- O emprego como factor social de inclusión. Desemprego. Prestacións. Emprego Social protexido.

Tema 19.- Características de la inmigración en España. Aspectos sociais na atención á persoa inmigrante. A intervención social con inmigrantes dende o sistema público de servizos sociais. Reagrupamento familiar e arraigo.

Tema 20.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade entre homes e mulleres. Estrutura e contido. Contexto europeo neste eido.

Tema 21.- A familia e os menores: cambios na sociedade neste ámbito. Aspectos psicosociais da infancia. Menores en conflito social. Intervencións en situacións de desprotección infantil. Absentismo escolar.

Tema 22.- Asociacionismo e voluntariado social. Concepto características e normativa que o regula.

Tema 23.-A planificación nos servizos sociais. Concepto de planificación. Técnicas aplicadas ao traballo social. Dimensións, funcións e tipos. Niveis operacionais da planificación: plans, programas e proxectos.

Tema 24: Equipos de traballo con especial referencia ao equipo multidisciplinar. Os equipos de traballo nos servizos sociais comunitarios básicos. Reunións de traballo.

Tema 25.- A coordinación nos servizos sociais comunitarios básicos. Funcións, reponsabilidades do coordinador. Componentes principais das función da figura da persoa coordinadora.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN URGENTE DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR PERIODO DE 6 MESES NO MARCO DO PROGRAMA DE EMPREGO FINANCIADO POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

E obxecto desta convocatoria a selección urgente dun auxiliar administrativo (Grupo C subgrupo C2) como persoal laboral temporal vinculado ao programa “Depuemprego” do Plan Provincial Único de Cooperación cos Municipios da Excelentísima Deputación de Lugo, cunha duración máxima de 6 meses dende a data na que a alcaldía resolva a contratación. En todo caso a contratación nunca se entenderá máis aló do 31 de outubro de 2018, o seleccionado/a prestará servizos durante 6 meses a xornada completa, (xornada laboral dos empregados públicos) realizando tarefas de auxiliar administrativo e auxiliando os distintos servizos municipais cando por baixas, vacacións, permisos... e outras circunstancias do seu persoal ou por tempadas exceso de traballo ou de acumulación de tarefas necesiten apoio para manter a debida calidade do servizo público.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no programa “Depuemprego” do Plan Provincial Único de Cooperación cos Municipios da Excelentísima Deputación de Lugo e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do

Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como a orde xa citada.

ARTIGO 2.-RETRIBUCIÓN S

As retribucións serán as seguintes:

6 MESES

XORNADA COMPLETA

AUXILIAR ADMVO

SOLDO 3.631,50

P. EXTRA 554,73

COMPLEMENTARIAS 6.628,98

TOTAL 10.815,21

SEG. SOCIAL 3.541,98

TOTAL 14.357,19

INDEM FIN CONTRAT 360,51

ARTIGO 3.-REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN ACREDITAR OS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO SELECTIVO

Os aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou a de calquera dos Estados membros da Unión Europea.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao, ciclo formativo de grao medio ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houbese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

g) Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 15'73 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nulo o nomeamento como funcionario interino dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

ARTIGO 4.-PROCESO DE SELECCIÓN

4.1.-FASE DE CONCURSO. Baremo de méritos alegados: os aspirantes deberán presentar ben orixinais ou copias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados, valorándose: a pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral a

formación académica, a formación profesional, os coñecementos en informática e a experiencia profesional, segundo se establece no seguinte baremo:

A) Formación académica.—Valoraranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito para ser incluído na lista de reserva, segundo o seguinte baremo:

- a) Titulación de doutor: 0,5 puntos.
- b) Titulación universitaria superior: 0,3 puntos.
- c) Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,20 puntos.
- d) Bacharelato superior, FP2 ou equivalente: 0,10 puntos.

A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 0,5 puntos, e non se terán en conta aquelas titulacións que foran requisito para acceder á titulación superior de modo que so se valorará titulación superior das que se acrediten polo aspirante.

B) Formación profesional.—Só se valorarán os cursos de formación que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ao que se aspira, que non teñan que ver con informática e sempre que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública, un Centro Oficial de Formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, e segundo o establecido no seguinte baremo:

- a) Por cada curso con duración igual ou superior a 300 horas lectivas: 0,5 puntos.
- b) Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas lectivas: 0,3 puntos.
- c) Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 0,2 puntos.
- d) Por cada curso con duración igual ou superior a 20 horas lectivas: 0,1 puntos.

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar un 0,5 puntos.

Os cursos que veñan cuantificados por créditos deberán especificar as horas que correspondan a cada crédito. No seu defecto, o Tribunal cuantificará en 10 horas cada crédito. Non se valorarán neste apartado os cursos sobre coñecemento de idioma galego.

C) Coñecementos de informática.

Valorarase a formación en manexo do paquete office.

- a) Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas lectivas: 0,50 puntos.
- b) Por cada curso con duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos.
- c) Por cada curso con duración de 21 a 50 horas lectivas: 0,20 puntos.

d) Por cada curso con duración de 1 a 20 horas lectivas: 0,10 puntos.

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar os 0'50 puntos.

Este mérito deberá acreditarse aportando certificación académica emitida ben por unha Administración Pública un Centro Oficial de Formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua

D) Experiencia profesional:

- 0,25 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a ao servizo da Administración local.

- 0,15 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a ao servizo de calquera outra Administración territorial ou institucional. A mesma porcentaxe utilizarase cando a prestación de servizos se realizase en sociedades públicas ou fundacións de capital maioritariamente público, xa dependan da Administración central, xa da autonómica ou local. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.

- 0,12 puntos por cada mes traballado na empresa privada. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións de auxiliar admisnitativo.

A puntuación máxima por experiencia profesional non poderá superar os 1'5 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes valoraranse do seguinte xeito:

-Os servizos prestados nas Administracións Públicas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación laboral e ou funcional do/a aspirante.

-Os servizos prestados en empresas privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do/a aspirante.

En todo caso dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA OS REQUISITOS CITADOS NAS PRESENTES BASES.

E) Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral:

Puntuarase con 0'2 puntos a concorrencia de calquera das seguintes circunstancias, ser vítima de violencia de xénero, ser muller, ser maior de 45 anos, ser parado de longa duración ou contar cunha minusvalía recoñecida igual ou superior o 33 %.

Os méritos referidos a este apartado acreditaranse do seguinte xeito:

Os referidos ó sexo e idade coa presentación de copia compulsada do documentos nacional de identidade ou aquel que o sustitua en caso de cidadáns estranxeiros, en todo caso deberán aportar algún documento que permita acreditar o seu sexo e idade.

O recoñecemento dunha minusvalía/ discapacidade igual ou superior o 33 % co certificado de recoñecemento do grao de minusvalía/ discapacidade emitido pola autoridade competente.

A condición de parado de longa duración acreditarase cun certificado do servizo público de emprego de que o aspirante se atopou de xeito ininterrompido en situación de demandante de emprego nos últimos 12 meses.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase presentando:

- Certificación da Orde de Protección ou da medida cautelar, testemuña ou copia autenticada polo/a Secretario/a Xudicial da propia Orde de Protección ou medida cautelar.
- Sentenza condenatoria.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, Auto de apertura de Xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditos indicios.
- Informe dos Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero.

Neste apartado non se poderá acadar unha puntuación superior a 1 punto.

O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA OS REQUISITOS CITADOS NAS PRESENTES BASES.

Os méritos valoraranse con referencia ó día anterior ó do inicio do prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas. Non se terán en conta polo tanto méritos mais aló da indicada data.

5.2.-FASE DE OPOSICIÓN.

A) Primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 30 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria durante un período de 30 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio. Este exercicio cualificarase de cero (0) a tres (3) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de un con cinco (1'5) puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

B) Segundo exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio que consistirá nun suposto proposto polo Tribunal. O seu contido situarase no ámbito das materias tratadas dentro do programa establecido nestas bases e estará en consonancia cos procedementos, tarefas e funcións habituais da praza obxecto de convocatoria, no tempo que estableza o tribunal. Este exercicio puntuarase de cero (0) a tres (3) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un con cinco (1'5) puntos.

C) Terceiro exercicio: A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego – castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 1 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios. A dita fase poderá ser superada por un número de aspirantes superior ás de prazas convocadas.

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, no taboleiro de anuncios do Concello e naqueloutros lugares que se estimen oportunos, a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida conforme ao estipulado nas bases Xerais reguladoras deste proceso selectivo.

6.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, que se sumarán ás da fase de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados.

Para o caso de empate na puntuación final establécense os seguintes criterios de desempate:

1º.- Terá preferencia a persoa cunha maior puntuación no exercicio práctico da fase de oposición.

2º.- De persistir o empate terá preferencia a persoa cunha maior puntuación no exame tipo test da fase de oposición.

3º.- De persistir o empate terá preferencia a persoa cunha maior puntuación na puntuación total da fase de concurso.

4º.- De persistir aínda o empate terá preferencia a persoa cunha maior puntuación no apartado do baremo dedicado a pertenza a grupos con dificultade de inserción laboral.

exame tipo test da fase de oposición.

ARTIGO 6.-SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, xustificante do pago da taxa esixida e copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados. Os méritos non xustificados na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición non serán tidos en conta.

Aqueles aspirantes que estén aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial da minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración Estatal ou Autonómica.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello deberán comunicalo por fax, ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

ARTIGO 7.-ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

Rematado o prazo de 10 días naturais o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusións. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos. De non existir aspirantes excluídos ,o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A resolución establecerá, a efectos de subsanación de defectos ou omisións, e mesmo de reclamacións, un prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación sinalada. Os erros de feito poderán enmendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

Posteriormente, mediante resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos e convocarase ao/a/s aspirante/s admitido/a/s para a realización das probas da fase de oposición mediante a publicación do devandito decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal.

ARTIGO 8.-CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DE OPOSICIÓN

A data , lugar e hora de celebración da primeira proba que conforma a fase de oposición serán publicadas, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos.

Dada a urxencia na cobertura da praza a convocatoria e as diversas probas poden non respetar os prazos mínimo de 48 horas entre proba e proba, incluso realizarse varias no mesmo día, en todo caso, a data e hora de celebración s publicarase na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello coa maior antelación posible.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos das probas os que non comparezan. Deberán acreditar suficientemente a súa identidade mediante a exhibición do DNI, permiso de conducir, pasaporte o documento equivalente en caso de estranxeiros, exhibición que poderá serlle requirida por calquera membro do tribunal no curso do desenvolvemento dos exercicios.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, a relación de aspirantes que o superaron con indicación da puntuación obtida. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

ARTIGO 9.-COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución da alcaldía e a súa composición publicárase a páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respetarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

ARTIGO 10.-RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO

Concluído o proceso selectivo o Tribunal elevará a Alcaldía a proposta de contratación dos dous aspirantes que tendo superado a fase de oposición contén coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición .

Os restantes aspirantes pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais aló do 30 de outubro de 2017.

ARTIGO 11.-PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA ACCEDER A PRAZA

Cando se tramite o expediente de nomeamento do aspirante, antes do seu nomeamento e toma de posesión e no prazo dos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se lle requira, presentará no Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos os documentos que se especifican seguidamente:

- 1.Copia autenticada ou fotocopia do título esixido, ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- 2.Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
3. Fotocopia da cartilla da S.S.
4. Nº de conta bancaria cos 20 díxitos.
- 5.Certificado médico sen prexuízo de posterior recoñecemento.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 3 días hábiles para a súa aportación ou subsanación. En ningún caso este prazo suporá ampliación do procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Quen tivera a condición de funcionario público de carreira ou persoal laboral fixo quedará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter

o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da Administración ou Ente Público do que dependan, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizo.

ARTIGO 12.-RECURSOS PROCEDENTES

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común , así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

O Tribunal Cualificador queda facultada para a resolución de cantas incidencias e cuestións se susciten no desenvolvemento do proceso selectivo.

ARTIGO 13.-PUBLICACIÓNS NO TABOLEIRO

Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras, se procederá mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sen prexuízo da publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO. PROGRAMA RELATIVO Á FASE DE OPOSICIÓN

1. A Constitución Española de 1978: significado e estrutura. Principios xerais. Reforma da Constitución. Dereito e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión.
2. As Cortes Xerais . Composición, atribucións e funcionamento.
3. Poder Xudicial. Principios básicos. A organización xudicial española .
4. Poder Executivo. O Goberno da nación e a Administración xeral do Estado.Duración e responsabilidade do Goberno.
5. Estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución española. Carácteres do dereito á autonomía . Competencias das comunidades autónomas. Contido e valor normativo dos estatutos de autonomía. O Estatuto de autonomía de Galicia.
6. O dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.
7. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Invalidez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Os recursos administrativos. Revisión de oficio dos actos administrativos.

8. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo.
9. A Administración local: concepto e evolución. A Administración local na Constitución española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios.
10. O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios e os grupos políticos municipais. Municipios de gran poboación: municipios de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios e xestión económica-financeira.
11. A provincia. Concepto, elementos e competencias. O Plan Provincial de Cooperación. Órganos de goberno da Deputación provincial: Pleno, Presidente, Vicepresidentes, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, outros órganos complementarios.
12. O Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria, orde do día, actas e certificados dos acordos.
13. O rexistro de documentos. Comunicacions e notificacións. A práctica das notificacións. O cidadán como cliente da Administración. A atención ao público.
14. O persoal ao servizo da Administración local. Instrumentos para a ordenación e organización do persoal. Clasificación do funcionariado local e as súas funcións. Adquisición e perda da condición de funcionario. O persoal laboral ao servizo da Administración local. Os directivos públicos locais. O persoal eventual. Lexislación aplicable ó persoal laboral i estatutario.
15. Dereito e deberes dos funcionarios locais. Retribucións e protección social dos funcionarios locais. Réxime disciplinario dos funcionarios locais. Situacións administrativas dos funcionarios.
16. A Administración Electrónica. Lei 11/2007. Dereitos da cidadanía. Dos rexistros, as comunicacions e notificacións electrónicas. Da xestión dos procedementos.
17. Os impostos locais: obrigatorios e potestativos. As taxas, os prezos públicos e as contribucións especiais. As ordenanzas fiscais: contido, elaboración e aprobación. Especial referencia as ordenanzas fiscais do Concello de Monforte de Lemos.
18. Os regulamentos e ordenanzas locais. Clases. Procedemento de elaboración, aprobación e vixencia.

19. Os bens das entidades locais: clases e réxime xurídico.As Facendas locais. Clases de tributos locais. O orzamento xeral dos entes locais: estrutura, elaboración e aprobación.

20. Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contratos menores. Contido e forma de contrato. Procedementos de adxudicación.”

ANEXO .- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO

..... NA DATA

.....
.....

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....
.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

MUNICIPIO E PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

EMAIL DE CONTACTO:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- c) Estar en posesión do título académico de
esixido nas bases específicas da convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto/praza á que aspira.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.
- f) Ter aboado a taxa por dereitos de exame correspondentes según as bases da convocatoria.

Así mesmo, manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía polo que solicito a adaptación que se adxunta polos motivos que se expresan. (En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e a adaptacións que solicita).

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

....., a..... de.....de

Dado que prestei servizos neste concello como dende ata..... solicito se incorpore a este proceso selectivo concreto o meu certificado de servizos prestados. “

SEGUNDO: Publicar un anuncio do proceso selectivo e as bases integras no Taboleiro de Anuncios.”

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a nove de agosto de 2017.

Vº e Pce.

O ALCALDE

José Tomé Roca